

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5315 *Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio, polo que se adoptan medidas complementarias en materia agraria, científica, económica, de emprego e Seguridade Social e tributarias para paliar os efectos do COVID-19.*

I. Antecedentes, motivación e medidas

A situación epidemiolóxica que xerou unha crise sanitaria como consecuencia do COVID-19 en España obrigou a adoptar medidas de saúde pública que alteraron a normalidade no desenvolvemento das relacións sociais, económicas e produtivas. En particular, pode destacarse como a suspensión de todas as actividades non esenciais e as limitacións ao desempeño doutras moitas xeraron un importante aumento do desemprego conxuntural e unha redución de actividade de pemes e autónomos.

Por ese motivo, fóronse aprobando unha serie de medidas para paliar os seus efectos, que agora se complementan por medio deste real decreto lei nos ámbitos agrario, científico, económico, laboral e da seguridade social e tributario.

A. Medidas no ámbito agrario

No sector agrario produciuse unha acusada falta de man de obra, polo descenso de traballadores que habitualmente se ocupan dos labores agrarios como temporeiros no campo español, ben por limitacións sanitarias ás viaxes desde os seus países de orixe ben polas precaucións que moitos deses traballadores están adoptando á vista da evolución da pandemia, o que pode acabar por afectar severamente a capacidade e condicións de produción dunha parte importante das explotacións agrarias españolas. Esta redución de man de obra, pola súa vez, podería pór en perigo o actual abastecemento alimentario aos cidadáns, que até a data se desenvolveu en condicións de extraordinaria variedade, cantidade e calidade.

Co fin de dar unha adecuada resposta a esta situación, o Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de emprego agrario, tivo por obxecto favorecer a contratación temporal de traballadores no sector agrario mediante o establecemento de medidas extraordinarias de flexibilización do emprego, de carácter social e laboral, necesarias para asegurar o mantemento da actividade agraria, durante a vixencia do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e é de aplicación temporal até o 30 de xuño de 2020.

Malia que a evolución dos efectos da epidemia permitiu ir modificando desde aquela diversas condicións limitativas da actividade, mantivéronse diversos elementos fácticos que concorrían no momento de aprobación da norma e que afectan directamente as condicións produtivas que xustificaron a súa aprobación, tales como o peche de diversas fronteiras en países de procedencia de boa parte desa man de obra, o risco certo de contaxios que ten efectos nos desprazamentos voluntarios de traballadores ou a necesidade de man de obra temporeira para as campañas de verán, como ocorría coas primaverais. Procede, por conseguinte, agora estender por tres meses máis o seu contido, de modo que se asegure a suficiencia de man de obra adecuada para atender os labores agrícolas estivais, como parte esencial da cadea alimentaria.

Cabe sinalar, así mesmo, que as medidas adoptadas no citado real decreto lei permitiron un mantemento da actividade de moitas explotacións, coadxuvando en paliar a falta de persoal detectada sobre todo no sector frutícola en diversos lugares de España, polo que se fai necesario, de igual maneira, ampliar o marco temporal de aplicación da

norma, para non eliminar un factor que pode colaborar en paliar este déficit de traballadores.

Así, en atención ao mantemento da conveniencia da aplicación destas medidas, dispónse no presente real decreto lei a prórroga até o 30 de setembro do citado Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril.

Así mesmo, realízase un cambio puntual na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado. A prol do principio de proporcionalidade, tipifícase como leve a primeira venda de moluscos de tamaño ou peso inferior ao regulamentario cando sexa menor ao dez por cento do volume total vendido da dita especie, ao se considerar unha infracción de escasa entidade que se vería desproporcionadamente sancionada –entre outras cousas, ao comportar a perda de axudas europeas–.

B. Medidas no ámbito científico

A Unión Europea está levando a cabo un ambicioso programa para desenvolver a fusión como fonte de enerxía, nunha colaboración internacional sen precedentes que inclúe A China, Corea, Os Estados Unidos de América, A India, O Xapón e Rusia como socios fundamentais a través de ITER.

O itinerario europeo para conseguir o obxectivo de construír unha planta demostradora de produción eléctrica de fusión (DEMO) recolle dous elementos fundamentais: a construción e explotación científica tecnolóxica do Tokamak ITER no sur de Francia, e a construción dunha fonte de neutróns, IFMIF-DONES (*International Fusion Materials Irradiation Facility-Demo Oriented NEutron Source*) para o desenvolvemento, cualificación e licenciamento de materiais capaces de soportar as condicións extremas a que estarán expostos os compoñentes da primeira parede do futuro reactor de fusión DEMO. Presente.

O IFMIF-DONES consiste nun acelerador de partículas de alta potencia, que incide sobre un albo de litio líquido que, como consecuencia, xera neutróns de características similares aos presentes nun reactor de fusión. A construción de IFMIF-DONES resulta indispensable para o obxectivo da Unión de demostrar a viabilidade da fusión nuclear como fonte de enerxía.

Para afianzar o carácter europeo de IFMIF-DONES, o Reino de España presentou en agosto de 2017 a candidatura, co aval de Croacia e o Programa de fusión europeo, para que o proxecto fose desenvolvido na cidade de Granada. Para impulsar esta candidatura estableceuse un grupo de traballo interadministrativo entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e a Xunta de Andalucía, no seo do cal se propuxo a constitución dun consorcio que permita desenvolver as actividades propias do proceso de candidatura en curso, que se estenderá previsiblemente até 2021. En caso de éxito desta, o dito consorcio prolongaría a súa existencia e encargaríase de prestar o apoio que correspondería a España, como país anfitrión, ao organismo internacional que se constituiría para a construción de IFMIF-DONES. Mediante este real decreto lei autorízase, por tanto, a constitución do referido consorcio.

Así mesmo, actualízase unha regulación excepcional xa acordada en materia de organismos modificados xeneticamente. Debe terse en conta que a investigación é fundamental na procura de ferramentas para previr, combater ou conter axentes infecciosos, procesos e situacións que poden ter repercusións para a saúde pública, como o que ocorreu na recente epidemia por coronavirus. Considerando, ademais, a importancia de contar coas ditas ferramentas no menor tempo posible e coas máximas garantías de seguridade, procede ampliar, durante un período de doce meses, o alcance das medidas recollidas no número 3 da disposición adicional sétima do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, ampliando o seu contido a toda actividade de especial interese para a saúde, de modo que se asegure a maximización das súas posibilidades en favor da investigación e a saúde. Deste modo, para as investigacións no marco das necesidades existentes, redúcese a cinco días o prazo de información pública e simplifícanse trámites para mellorar a eficiencia e a redución de cargas administrativas.

C. Medidas no ámbito económico

Adicionalmente, incorpórase a este real decreto lei unha serie de medidas económicas que non admiten demora.

En primeiro lugar, as medidas de recuperación económica tamén deben alcanzar o sector das telecomunicacións, co obxectivo de que este sector, que se demostrou tan crucial nos momentos de confinamento domiciliario e de mobilidade reducida e que posibilitou, entre outras moitas, a realización de actuacións de atención sanitaria a distancia, a prestación de servizos sociais, o teletraballo, a educación a distancia, o comercio electrónico, a Administración electrónica, así como garantir o dereito á información e o acceso a actividades de ocio da poboación en España, poida recuperar toda a súa forza competitiva e dinamismo comercial.

O Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, adoptou unha batería de importantes e necesarias medidas urxentes de carácter extraordinario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, incluídas medidas en materia de telecomunicacións. Entre elas, figura a establecida no seu artigo 20, en virtude do cal se suspendeu excepcional e temporalmente a facilidade do abonado de cambiar de operador conservando o seu número telefónico en prol de reducir a interacción persoal entre axentes do operador e abonados e preservar a saúde.

Esta medida coadxuvou en conter a crise sanitaria mantendo a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas e garantindo a conectividade pero, nestes momentos de paulatina reactivación económica, resulta procedente que o mercado das telecomunicacións recupere a plena operatividade e se permita novamente a conservación do número de abonado en caso de cambio operador ou portabilidade do número, que é un instrumento de primeira orde para que os operadores poidan competir entre si de maneira libre e, pola súa vez, os cidadáns poidan ver reforzada a súa capacidade de elección en busca de servizos máis baratos, innovadores, máis completos, de maior calidade ou adaptados ás súas necesidades.

A supresión desta suspensión da portabilidade, volvendo á situación plenamente competitiva anterior, debe ir acompañada da adopción de oportunas medidas que faciliten aos abonados poder satisfacer as facturas que non puidesen pagar pola recepción de servizos de comunicacións electrónicas durante o estado de alarma a través de técnicas de flexibilización como as de fraccionamento e aprazamento de débedas nos servizos de comunicacións electrónicas.

Por estes motivos, establécese aos operadores de comunicacións electrónicas a obriga de ofrecer un fraccionamento e aprazamento da débeda en que puidesen incorrer os seus abonados, correspondente ás facturas pasadas ao cobramento desde a data de entrada en vigor do estado de alarma até o 30 de xuño de 2020. O fraccionamento e aprazamento da débeda debe ser lineal ao longo dos meses aprazados, o prazo para realizar os pagamentos fraccionados será de seis meses, salvo que o abonado acordase libremente co operador un prazo diferente, xa sexa superior ou inferior, e non se poderán devindicar xuros de demora nin se exixirán garantías para o fraccionamento e aprazamento.

En segundo lugar, a Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, aprobouse no marco do Memorando de entendemento sobre condicións de política sectorial financeira, feito en Bruxelas e Madrid o 23 de xullo de 2012, e do Acordo marco de asistencia financeira, feito en Madrid e Luxemburgo o 24 de xullo de 2012. No seu punto 23, este memorando establecía que «As autoridades españolas prepararán para finais de novembro de 2012 normas que aclaren a función das caixas de aforros na súa calidade de accionistas de entidades de crédito, para, en último termo, reducir a súa participación nelas até un nivel non maioritario».

Seguindo esta directriz, aprobouse a mencionada Lei 26/2013, do 27 de decembro, que establece un mecanismo segundo o cal as antigas caixas, transformadas agora en fundacións bancarias, que tivesen unha participación de control nunha entidade de crédito debían dotar un fondo de reserva para facer fronte a imprevistos, salvo que optasen por

reducir a súa participación a niveis por debaixo dos de control mediante un plan de desinvestimento.

O Real decreto 877/2015, do 2 de outubro, regula o fondo de reserva que determinadas fundacións bancarias están obrigadas a constituír. Na dita norma establécese o importe, forma, prazo e ritmo de constitución do fondo de reserva.

O artigo 6 prevé un prazo de constitución do fondo de reserva de oito anos, ampliable polo Banco de España nun ano adicional se a fundación bancaria encontra dificultades en cumprir co prazo como consecuencia da evolución da situación económico-financeira da entidade de crédito participada ou do desenvolvemento das condicións dos mercados. Por outro lado, o número terceiro dese artigo prevé, como norma xeral, un ritmo de dotación do fondo lineal no tempo.

Mediante a Recomendación do Banco Central Europeo do 27 de marzo de 2020 sobre a repartición de dividendos durante a pandemia do COVID-19 e pola que se derroga a Recomendación BCE/2020/1, o supervisor bancario europeo recomenda que, ao menos até o 1 de outubro de 2020, as entidades de crédito se absteñan de repartir dividendos ou de contraer compromisos irrevogables de repartilos respecto dos exercicios de 2019 e 2020.

Ante esta circunstancia, e sendo os dividendos que perciben as fundacións bancarias a súa principal fonte de ingreso, é oportuno suspender neste ano 2020 a obrigación de dotar o fondo de reserva e suspender o cómputo do prazo de constitución deste, e, por tanto, quedan as dotacións pendentes aprazadas ao período 2021-2024.

Esta medida artículase mediante a aprobación dunha disposición derradeira a través da cal se introduce unha disposición adicional ao Real decreto 877/2015, do 2 de outubro, en que se recolle a dita suspensión, á cal se engade outra disposición derradeira para salvaguardar o rango regulamentario da disposición, adecuándose así aos principios de boa regulación.

En terceiro lugar, a pandemia da COVID-19 está supoñendo unha emerxencia sanitaria con importantes consecuencias económicas, que afectan tanto a actividade produtiva como a demanda e o benestar dos cidadáns. Esta estase transmitindo ás economías dos países da Unión Europea a unha velocidade inusitada. Produciuse unha interrupción temporal da actividade produtiva, víronse afectadas as cadeas de subministración e produciuse un acusado descenso do consumo e da confianza dos axentes económicos europeos. A recuperación das economías da Unión Europea non será inmediata nin automática. A Unión Europea enfróntase a un choque simétrico que afecta a economía real e o tecido produtivo en todas as economías europeas, polo que é necesario que se proporcione unha resposta coordinada e contundente que complemente as medidas nacionais que están adoptando os distintos países.

Para facer fronte a esta situación, desde o ámbito da Unión Europea estase adoptando unha serie de medidas e programas de apoio ao tecido empresarial e ao financiamento dos Estados membros. Así, o Eurogrupo, na súa reunión do 9 de abril de 2020, deu o seu apoio á proposta da Comisión Europea para o establecemento do Instrumento europeo de apoio temporal para mitigar os riscos de desemprego nunha emerxencia (ou Instrumento SURE) por un importe máximo de 100.000 millóns de euros, dos cales 25.000 millóns de euros contarían co aval dos Estados membros.

Posteriormente, no Consello Europeo do 23 de abril de 2020, os xefes de Estado e de Goberno referendaron a creación do Instrumento e instaron a que estivese operativo para o 1 de xuño de 2020.

O Regulamento (UE) 2020/672 do Consello, do 19 de maio de 2020, relativo á creación dun instrumento europeo de apoio temporal para atenuar os riscos de desemprego nunha emerxencia (SURE) a raíz do brote de COVID-19, é o que regula a súa creación e características, co mencionado obxectivo de outorgar asistencia financeira aos Estados membros que estean sufrindo dificultades económicas severas a causa do COVID-19, de cara a protexer os traballadores por conta allea e os autónomos, e reducir o impacto do desemprego e das perdas de ingresos. A axuda financeira adoptará a forma de préstamos outorgados aos Estados membros que o soliciten para financiar esquemas de protección

de emprego, como sería o caso dos expedientes de regulación temporal de emprego no caso de España. Así, o Estado poderase beneficiar de financiamento outorgado pola Comisión Europea a tipos de xuro reducido, permitindo un menor recurso aos mercados de capitais e unha mellora nas condicións de financiamento do Estado, que se espera que reporte un aforro na carga de xuros. Pola súa parte, os Estados membros contribúen ao instrumento garantindo parte do risco asumido polo orzamento comunitario con este instrumento mediante o outorgamento de avais, de acordo cos termos acordados entre a Comisión Europea e os Estados membros.

Por tanto, os Estados membros deben formalizar a aprobación, de acordo cos seus respectivos marcos normativos, dos avais que en cada caso lles correspondan segundo o seu peso na renda nacional bruta da Unión Europea, de forma que o instrumento, cos avais outorgados por todos os países, poida estar operativo no mes de xuño.

A contribución do Reino de España nesta iniciativa supón outorgar un aval irrevogable, incondicional e a primeira demanda.

Neste contexto, o presente real decreto lei recolle as disposicións relativas á autorización dos avais que se van outorgar, supón a participación de España na dita actuación no ámbito europeo para dar resposta á crise do COVID-19 e habilita a ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para a sinatura dos correspondentes acordos coa Comisión Europea, complementando as medidas nacionais adoptadas polo Goberno.

Debido á importancia da iniciativa na situación actual e á necesidade da súa inmediata posta en funcionamento, adóptase este real decreto lei.

Por outro lado, complétase o disposto no artigo 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, dando cobertura orzamentaria ao programa nacional de avais do Estado de 100.000 millóns de euros para o financiamento de empresas e autónomos aprobado polo Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo. Dado o tamaño significativo do programa, é crucial ter os mecanismos orzamentarios habilitados de maneira que se garanta a solvencia do programa desde un punto de vista tanto financeiro como operativo.

En cuarto lugar, o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, habilitaba nos seus artigos 7 a 17 un réxime de moratoria legal para os debedores de préstamos con garantía hipotecaria para a adquisición da súa vivenda habitual. Poucos días despois, este réxime de moratoria estendíase máis alá das débedas garantidas co inmovible destinado a vivenda habitual e cubría tamén aqueles préstamos ou créditos garantidos con inmovibles destinados á actividade económica que desenvolvan os empresarios e profesionais, así como aqueloutros cuxo obxecto sexa a adquisición de vivendas destinadas ao alugamento.

Xunto á moratoria de créditos hipotecarios, o Goberno aprobou tamén unha moratoria para calquera tipo de financiamento sen garantía hipotecaria que tivese concertada calquera persoa física, tanto na súa faceta de consumidor como no exercicio da súa actividade profesional, en virtude do previsto nos artigos 21 a 27 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

Desde unha perspectiva obxectiva, o denominador común destes dous tipos de moratorias (hipotecaria e non hipotecaria) é, basicamente, a suspensión temporal das obrigacións de pagamento e o non devindicación de xuros durante o tempo de duración da moratoria (tres meses desde que se solicita). Desde unha perspectiva subxectiva, o elemento común é que estas dúas moratorias establecidas por lei se limitan a aquelas persoas físicas en situación de vulnerabilidade económica. Foron concibidas non como medidas de acceso xeral destinado a paliar os efectos da posible mora de calquera persoa, senón como mecanismo de resposta inmediata para as persoas en situación de vulnerabilidade económica. A moratoria legal límitase a aqueles que se achen nas circunstancias de vulnerabilidade especificamente sinaladas no artigo 16 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo.

Co obxectivo de favorecer a aplicación de medidas e acordos de aprazamento dos pagamentos de créditos e préstamos cun alcance aínda máis amplo que o inicialmente previsto nas moratorias legais e con carácter complementario a estas, este real decreto lei incorpora un réxime especial para os acordos de moratoria alcanzados entre as entidades prestamistas e os seus clientes. Canto maior sexa o alcance subxectivo destes acordos de aprazamento da débeda, canto máis numeroso sexa o colectivo de persoas a que beneficia, máis reducido será o impacto económico xerado de forma inmediata pola pandemia.

No ámbito da Unión Europea, a Autoridade Bancaria Europea veu promovendo a adopción de medidas dirixidas a limitar o impacto económico causado pola pandemia e, en particular, a extensión de aprazamentos e moratorias a partir de acordos promovidos por asociacións de entidades en cada Estado membro, aplicando, en particular, un tratamento contable e prudencial favorable ás operacións acollidas a tales acordos (Guía EBA GL 2020/02). Esta Guía foi adoptada no ámbito nacional mediante acordo da Comisión Executiva do Banco de España do 19 de maio de 2020.

O réxime especial de moratoria previsto neste real decreto lei non só amplía o colectivo de persoas beneficiarias dun aprazamento das súas débedas, máis alá das economicamente vulnerables, senón que tamén permite a estas últimas prolongar o aprazamento unha vez finalizado o período de duración da moratoria legal.

A partir deste réxime, encontrariámonos con tres tipos posibles de moratorias. A primeira é a que se produce por ministerio da lei, operando no contrato de préstamo os efectos das previsións dos artigos 13.3, 14 e 15 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo (moratoria hipotecaria), e nos artigos 24.2 e 25 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo (moratoria non hipotecaria). Estamos neste caso no que denominamos «moratoria legal».

O segundo tipo de moratoria sería a pactada entre as partes e acollida ao previsto nos acordos sectoriais subscritos entre as entidades prestamistas, a través das súas asociacións representativas. A estas moratorias o presente real decreto lei asócialles unhas consecuencias sobre a base da necesidade de axilizar os trámites para a súa concesión e procurar unha extensión rápida dos seus efectos entre os prestameiros. Estas moratorias convencionais amparadas nun acordo sectorial regúlanse nos artigos 6 a 8 e a disposición transitoria primeira.

O terceiro tipo de moratorias serían aquelas que, amparadas no principio de liberade de pactos do 1.255 do Código civil, son acordadas polas partes, non séndolles de aplicación o disposto nos artigos 6 a 8 e a disposición transitoria primeira. Malia isto, as que se formalicen cos debedores que se encontren en situación de vulnerabilidade económica definida no artigo 16 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, aplicarán as condicións de duración, efecto inmediato e non devindicación de xuros previstas legalmente e beneficiaranse da correspondente bonificación de honorarios rexistrados e notariais e da exención da cota gradual de actos xurídicos documentados.

Neste real decreto lei establécese o réxime especial do segundo tipo de moratoria, a convencional acollida a un acordo marco sectorial. Este tipo de moratorias, para poder acollerse ás especiais medidas incorporadas no presente real decreto lei, deben moverse necesariamente dentro dos límites e condicionantes impostos nel, cun marco de dereitos e obrigacións específicas e distintas que non resulta de aplicación para o resto das moratorias convencionais. O réxime artículase arredor de tres artigos, unha disposición transitoria, unha derradeira e unha derogatoria.

O artigo 6 establece o marco sectorial en que deben desenvolverse os acordos de moratoria aos cales se aplique o réxime deste real decreto lei. En particular, as entidades deben manifestar a súa adhesión ao acordo marco e comunicalo ao Banco de España.

Establécese tamén o deber de comunicación de datos específicos sobre as moratorias concedidas por parte das entidades que apliquen este réxime especial, ao tempo que se establece o carácter de norma de ordenación e disciplina dos preceptos sobre esta

moratoria aquí regulada, o que permitirá activar o control do seu cumprimento por parte do Banco de España.

O artigo seguinte, pola súa parte, establece o réxime que deberán seguir as moratorias acollidas ao Acordo marco sectorial sinalado no artigo anterior, así como as limitacións que as ditas moratorias deberán ter. Unha delas é a forma de articularse o axuste do contrato de préstamo, tras o aprazamento, que poderá consistir na redistribución das cotas, mantendo o prazo pactado no contrato de préstamo, ou ben na ampliación do prazo de vencemento.

Outra das limitacións é a prohibición de usar o acordo de moratoria para establecer novas condicións que non figurasen no contrato de préstamo obxecto de moratoria, tales como a comercialización de novos produtos ou o requirimento de novas garantías.

Faise necesario, non obstante, o acordo entre as partes para determinar o modo en que deban manterse determinados contratos de seguros asociados ao cumprimento da obrigaçión de pagamento, cuxo mantemento favorece tanto o prestamista como o prestameiro, na medida que mantén a calidade do crédito e, ao mesmo tempo, permite ao debedor cubrir contingencias que poden impedir o adecuado cumprimento do contrato. Así se establece no número 2 do artigo 7. O eventual aumento dos custos, por esta razón, constitúe unha excepción á prohibición xeral de incrementar os gastos no sentido que recolle o número 3 do mesmo artigo, así como a posibilidade de cobrar comisións que se outorga ás operacións de préstamos sen xuro para compensar exclusivamente a perda de rendibilidade que produce a moratoria nestes casos, para poder situalas en pé de igualdade co resto de operacións e non desincentivar a concesión de moratorias que as afecten, xeralmente relacionadas con préstamos ao consumo a curto prazo.

Un aspecto importante deste precepto é a coordinación operativa entre a moratoria legal e a convencional subscrita ao abeiro dun acordo marco sectorial cando concorran sobre o mesmo préstamo, situación esta en que se establece que os efectos da moratoria convencional se producirán unha vez que finalice a legal, garantindo deste modo a prevalencia e os efectos desta en todo momento. Dito doutro xeito, en caso de que o debedor beneficiario dunha moratoria convencional subscrita ao abeiro dun acordo marco sectorial o for tamén da legal por encontrarse na situación de vulnerabilidade económica prevista no artigo 16 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, as condicións dunha e doutra moratoria aplicaranse de forma sucesiva en modo tal que durante o prazo de tres meses previsto no artigo 14 do dito texto legal non se devindicarán nin xuros ordinarios nin moratorios.

As limitacións dos desprazamentos é unha das características do contexto temporal sobre o que se proxectan os efectos deste real decreto lei, tal como se reflicten nas normas que declaran o estado de alarma. Estas limitacións aconsellan (i) potenciar o uso de canles telemáticas como complemento ás até agora prevalentes, dun lado, e (ii) alixear os trámites que se realicen no proceso de elaboración e adopción do acordo de moratoria, doutro.

Respecto da primeira cuestión, os números 6 e 7 favorecen a remisión e recepción da información, así como da obtención do consentimento, a través de canles adicionais á presencial, tal e como se establece neste precepto. Respecto da redución de trámites, o número 9 exceptúa a aplicación de determinados artigos da Lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario (en diante, LCCI), e da Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo (en diante, LCC), sobre a base da necesidade de establecer un réxime viable e compatible nunhas circunstancias excepcionais, cunha subscrición masiva de moratorias nun contexto físico con mobilidade limitada.

Non obstante, a entrega de información ao debedor que asegure a comprensión do acordo é un dos requirimentos do réxime especial que se establece nos números 5 e 6. Para isto, a entidade prestamista debe trasladar ao debedor información suficiente sobre as consecuencias xurídicas e económicas do aprazamento, con ou sen ampliación do prazo do préstamo afectado. Esta información, sendo certamente máis reducida que a establecida con carácter xeral no ámbito da contratación de crédito inmobiliario (a denominada FEIN), constitúe unha peza clave que asegura a comprensión do alcance e

efectos da moratoria por parte do debedor, como mecanismo necesario para unha adecuada prestación do consentimento e aceptación da moratoria. Xunto a ela, a norma prevé a subministración de información sobre a extensión dos seguros, se for o caso, durante o tempo de duración da moratoria convencional.

Este réxime trata de reforzar a seguridade xurídica neste novo contexto e cumprir os estándares de protección ao consumidor da Directiva 2014/17/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de febreiro de 2014, sobre os contratos de crédito subscritos cos consumidores para bens inmobles de uso residencial e pola que se modifican as directivas 2008/48/CE e 2013/36/UE e o Regulamento UE nº 1923/2020, así como a Directiva 2008/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, relativa aos contratos de crédito ao consumo e pola que se derroga a Directiva 87/102/CEE do Consello. Neste sentido, establécese un sistema de información precontractual simplificado que, non obstante, asegura que o debedor recibe na fase precontractual –como se indicou– a información oportuna sobre as principais características, riscos e custos da operación, e establécese que o notario que autorice a escritura deberá realizar, ademais do control de legalidade ordinario, a comprobación de que a operación cumpre coas condicións establecidas nesta disposición e no acordo sectorial correspondente.

Pola súa parte, o artigo 8 establece un réxime excepcional de outorgamento dos instrumentos notariais en que se formalicen, cando resulte necesario, as moratorias convencionais acordadas ao abeiro dun dos acordos sectoriais promovidos polas asociacións de entidades financeiras co obxecto de complementar a moratoria legal e axilizar a tramitación dos correspondentes acordos, de maneira que se logre canto antes a súa plena efectividade.

Para facilitar a formalización destas moratorias e evitar o risco de colapso do normal funcionamento dos bancos e das notarías e rexistros, prevese unha flexibilización do réxime ordinario de outorgamento que permita atender con celeridade e eficiencia as solicitudes presentadas durante o estado de alarma, moitas das cales aínda non puideron ser formalizadas por expresa disposición da lei (artigo 16 ter), pero mantendo, pola súa vez, un nivel de garantía e protección adecuado dos dereitos dos debedores hipotecarios.

Este réxime excepcional resultará de aplicación sempre que entre a entidade financeira e o debedor beneficiario da moratoria se pacte que o importe do principal aprazado se aboe ampliando o prazo de vencemento nun número de meses equivalente á duración da moratoria e se cumpran o resto de condicións relativas á devindicación de xuros, prohibición de comisións e gastos e interdicción de calquera outro produto combinado ou vinculado.

A disposición transitoria primeira establece a aplicación das previsións deste real decreto lei ás moratorias en tramitación antes da súa entrada en vigor, de maneira que se axusta a tramitación para facer posible esta aplicación sen mingua da súa axilidade nin das garantías para os debedores, que recibirán en todo momento a documentación explicativa dos efectos da moratoria antes do momento da elevación a público do contrato. Cando a documentación non puidese ser entregada antes da sinatura da moratoria, o debedor terá dereito de desistencia da moratoria durante un prazo de 10 días, todo isto antes da elevación a público do acordo.

Pola súa parte, establécese mediante disposición derradeira o réxime de exención das escrituras de formalización das moratorias, tanto das legais como das convencionais subscritas ao abeiro dun acordo marco sectorial, á cota gradual de documentos notariais, como medida destinada a facilitar e incentivar a adopción destas medidas de aprazamento das débedas por parte das entidades. Finalmente, a disposición derogatoria única elimina a este respecto a prohibición de formalizar escrituras públicas durante a vixencia do estado de alarma até que non se restableza a liberdade deambulatoria, prevista no número segundo do artigo 16 ter do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, posto que o réxime agora establecido permite axilizar a elevación a público do acordo de moratoria.

Unha vez adoptadas medidas de choque para asegurar a moratoria do colectivo economicamente máis vulnerable, fórmulase agora a necesidade de ampliar o colectivo de persoas afectadas, de forma urxente e para evitar o impacto económico da declaración de

mora no pagamento e, se se prolonga, o vencemento anticipado do crédito e as correspondentes medidas de execución. O risco é maior a medida que aumenta o tempo de duración da situación actual. Frear esta situación no colectivo de debedores afectados non constitúe unha necesidade que se manteña de forma habitual, senón que nace da situación extraordinaria en que nos achamos como consecuencia da crise sanitaria provocada pola pandemia e algunhas das consecuencias que leva asociadas, en particular, a imposibilidade de desprazamentos e o freo inevitable en moitos casos da actividade laboral ou profesional. Estamos, por isto, ante unha necesidade urxente e extraordinaria.

En quinto lugar, respecto da denominada moratoria non hipotecaria que introduciu o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, co obxectivo de asegurar que os cidadáns non queden excluídos do sistema financeiro ao non poder facer fronte temporalmente ás súas obrigacións financeiras como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19, complementando así a preexistente moratoria hipotecaria, o ámbito de aplicación subxectivo destas dúas moratorias é compartido: as persoas físicas que se encontren nunha situación de vulnerabilidade financeira como consecuencia da emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19. Agora ben, dentro do conxunto das persoas físicas encóntranse tanto os consumidores como os traballadores autónomos, cuxa idiosincrasia e rol dentro do sistema económico difire sensiblemente. Estas diferenzas teñen especial relevancia á hora de definir o ámbito de aplicación obxectivo das moratorias de forma que poidan efectivamente coadxuvar no alivio do impacto económico sobre as persoas físicas da crise sanitaria.

Na determinación do ámbito de aplicación obxectivo da moratoria hipotecaria as diferenzas entre consumidores e traballadores autónomos non tivo unha especial relevancia, en canto o financiamento con garantía hipotecaria contratada non difire especialmente e, ademais, goza dun elevado grao de estandarización.

Porén, a determinación do ámbito de aplicación obxectivo da moratoria non hipotecaria require un esforzo adicional xa que gran parte da estrutura de financiamento está composta por negocios xurídicos encamiñados á compra de activos cuxa principal característica é que, xeralmente, toman a forma de contratos atípicos, é dicir, regulados polas súas específicas estipulacións sobre a base do principio de liberdade de pactos e que, polo tanto, non se cinguen ás especificidades dos contratos típicos previstos no noso ordenamento xurídico.

Dentro destes contratos atípicos, revisten especial importancia para o colectivo dos traballadores autónomos os denominados contratos de arrendamento financeiro, a miúdo coñecidos pola súa denominación en inglés como contratos de «*leasing*» ou «*leasing* financeiro». Esta clase concreta de contrato atípico constitúe un negocio mixto en que se funden a cesión de uso e a opción de compra, e que pode ser considerado como unha sorte de préstamo para o financiamento da compra dun determinado activo. A súa categorización como préstamo non é un feito fidedigno e está suxeito a diferenzas de opinións no plano teórico, pero trátase dun tipo de negocio xurídico con elevada importancia no relativo ao financiamento da actividade económica dos traballadores autónomos. Por tanto, considérase conveniente modificar o artigo 21 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, para incluír, explicitamente, os contratos de arrendamento financeiro dentro do ámbito de aplicación obxectivo da moratoria non hipotecaria, tal que esta poida servir de forma efectiva ao obxectivo polo que se estableceu.

En sexto lugar, a vixente redacción do artigo 55 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, impide a renovación do presidente do FROB tras concluír o mandato para o cal foi nomeado e determina o seu cesamento nese mesmo momento. Tendo en conta que o presidente é o único cargo executivo da Comisión Reitora do FROB e a prol de asegurar a continuidade operativa da institución e evitar o risco dun período vacante entre dous presidentes, resulta conveniente prever que o final do citado prazo non impedirá a continuidade do presidente até o nomeamento de quen o sucederá.

D. Medidas no ámbito de emprego e seguridade social

Mediante este real decreto lévanse a cabo axustes técnicos ás medidas urxentes adoptadas en materia de seguridade social para mitigar o impacto do COVID-19, á luz dos problemas de interpretación que se están identificando na súa aplicación. Estes axustes son necesarios e urxentes, tendo en conta a inseguridade xurídica que a redacción actual está xerando nos interesados.

Así, axústanse algunhas imprecisións dos artigos 17 e 24 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, coa finalidade de aclarar, por un lado, aspectos orzamentarios da prestación extraordinaria por cesamento de actividade e, por outro lado, o réxime aplicable ás exoneracións, precisando que non é posible aplicar exoneracións nas cotizacións de empresas sometidas a ERTE vinculados ao COVID-19 sen cumprir o requisito de subministrar por medios electrónicos os datos relativos á inscrición de empresas, afiliación, altas, baixas e variacións de datos, así como os referidos á cotización e recadación.

Modifícase o artigo 48.1 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, co obxecto de precisar que as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social se someten ao mesmo réxime que as entidades de dereito público pertencentes ao sector público estatal no relativo ao réxime aplicable á formulación e rendición de contas anuais do exercicio 2019.

Tamén se modifican o artigo 3 do Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de emprego agrario, co fin de realizar unha precisión terminolóxica, e o Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego, co obxecto de incorporar as necesarias referencias ao Instituto Social da Mariña. A falta de referencia en varios artigos ao Instituto Social da Mariña está xerando inseguridade xurídica nos interesados. Para salvar a inseguridade xurídica creada e corrixir o erro, dado que a competencia para a xestión das prestacións de desemprego en relación cos traballadores e empresas incluídos no réxime especial do mar é do Instituto Social da Mariña, engádense no texto dúas referencias ao Instituto Social da Mariña para reflectir as súas competencias.

Ademais, inclúese unha regulación específica sobre o silencio administrativo nos procedementos de garantía salarial previstos no artigo 33 do texto refundido do Estatuto dos traballadores, de modo que, sinalando que o prazo de tramitación é de tres meses, dispónse o silencio administrativo estimativo para o caso de que non se resolverse en prazo, ben que constringido ao recoñecemento das obrigacións en favor de persoas que poidan ser legalmente beneficiarias desa prestación e pola contía que resulte por aplicación dos límites previstos no dito artigo. E isto para evitar que persoas que en ningún caso poidan ser beneficiarias obteñan este tipo de prestacións e tamén evitar que os solicitantes poidan percibir cantidades por encima dos límites máximos previstos na lei.

Asegúrase, así mesmo, a coherencia temporal da suspensión dos procedementos en materia de inspección laboral co novo escenario normativo e dispónse o recoñecemento como accidente de traballo das prestacións de seguridade social que cause o persoal que presta servizos en centros sanitarios ou sociosanitarios e que, no exercicio da súa profesión, contraese COVID-19 durante calquera das fases da pandemia, por ter estado exposto a ese risco específico durante a prestación de servizos sanitarios e sociosanitarios.

Do mesmo modo, modifícase o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, recuperando a expresa mención a que no caso das explotacións con máis dun titular se poidan contratar proporcionalmente máis traballadores para efectos de poder quedar incluído no Sistema especial para traballadores por conta propia agrarios. Con esta medida trátase de favorecer que as explotacións familiares poidan dimensionarse adecuadamente. Ao compartiren varios titulares a mesma explotación, permítese que o número de traballadores se axuste, de forma que ademais dos dous traballadores poida incrementarse nun traballador máis por cada novo titular (na modalidade de bases diarias, 273 horas

equivalentes) e evitar que con isto teñan que saír do sistema especial de cotización, pois todos eles son pequenos agricultores.

Por outro lado, o citado Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, recoñeceu de forma automática o dereito a traballar a aqueles mozos estranxeiros cuxo estatuto regular no país non comporta este dereito. Estes mozos están contribuindo, co seu traballo, ao sostemento dun sector esencial durante a crise do COVID-19. Ademais, con base neste real decreto lei, moitos deles están tendo unha primeira oportunidade laboral que contribúe, de forma clave, na inclusión destes mozos, especialmente, daqueles respecto aos cales un servizo de protección de menores tivese posuído a súa tutela legal, custodia, protección provisional ou garda durante a súa minoría de idade.

Por iso, cómpre arbitrar unha vía que permita a estes mozos manter o seu dereito ao traballo tras a finalización da vixencia do real decreto lei do sector agrario. Para tal fin, a disposición adicional segunda deste real decreto lei introduce unha vía específica que lles permitirá, cando fosen contratados no sector agrario con base no artigo 2.1.d) do mencionado Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, e tras a finalización da súa vixencia, acceder a unha autorización de residencia e traballo, válida en todo o territorio nacional e sen límites sectoriais ou de actividade e sen aplicación da situación nacional de emprego. Esta autorización terá unha vixencia de dous anos, renovable por outros dous. Todo isto sen prexuízo de que, para o acceso á residencia de longa duración, se terán en conta todos os períodos de residencia, legal e continuada, con esta ou outras autorizacións das cales fose titular.

Na disposición adicional primeira establécese como excepción á limitación do gasto na Administración do Estado o aboamento da cantidade asignada ao exercicio 2020 no Acordo entre o Ministerio do Interior, sindicatos de Policía Nacional e asociacións profesionais da Garda Civil, do 12 de marzo de 2018.

Pola súa parte, recóllense no contexto actual varias achegas do Estado ao orzamento da Seguridade Social.

Finalmente, axústase a prestación por desemprego dos artistas en espectáculos públicos prevista no artigo 2 do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019. E isto coa finalidade de aclarar que é o propio acceso extraordinario á prestación o que responde á crise sanitaria do COVID-19, sen que corresponda aos artistas acreditar que a súa situación concreta de falta de actividade deriva dela. Igualmente, elimínase o requisito de encontrarse no período de inactividade voluntaria, suprimindo o custo que isto suporía para o traballador e simplificando a tramitación e recoñecemento da prestación. Tamén se explicita, a prol da seguridade xurídica, que é posible suspender o cobramento da prestación, para realizar traballos por conta propia ou allea, e continualo despois.

E. Medidas no ámbito tributario

En materia tributaria, amplíase a catro meses o prazo de non devindicación de xuros de demora para os aprazamentos dos artigos 14 do Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, e 52 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

O artigo 40 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, estableceu unha regulación extraordinaria de prazos de formulación, verificación e aprobación das contas anuais das persoas xurídicas de dereito privado non comprendidas no ámbito de aplicación do artigo 41 do dito texto legal, relativo ás sociedades anónimas cotizadas. Esta situación afecta a obrigación de presentación da declaración do imposto sobre sociedades, por canto a determinación da súa base imponible no método de estimación directa se efectúa sobre a base do seu resultado contable. Neste sentido, para paliar os efectos producidos polas medidas extraordinarias citadas, facúltanse os contribuíntes do imposto

que non puidesen aprobar as súas contas anuais con anterioridade á finalización do prazo de declaración do imposto para que presenten a declaración coas contas anuais dispoñibles nese momento nos termos prescritos pola norma.

Posteriormente, cando as contas sexan aprobadas conforme dereito e se coñeza de forma definitiva o resultado contable, presentárase unha segunda declaración. Se dela resulta unha cantidade a ingresar superior ou unha cantidade a devolver inferior á derivada da primeira declaración, a segunda autoliquidación terá a consideración de complementaria. No resto dos casos, esta segunda autoliquidación terá o carácter de rectificación da primeira e producirá efectos pola súa mera presentación, sen necesidade de resolución da Administración tributaria sobre a súa procedencia. En ningún caso, a segunda autoliquidación terá efectos preclusivos e o imposto sobre sociedades poderá ser obxecto de comprobación plena.

Ao fío do anterior, co fin de ir avanzando na reactivación da actividade económica, social, administrativa e xudicial, e dotar de seguridade xurídica o sistema, modifícase o artigo 40 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e establécese que o prazo de tres para formular as contas anuais e demais documentos legalmente obrigatorios comezará a contar desde o 1 de xuño e non desde a finalización do estado de alarma. Con isto achégase seguridade xurídica, pois substitúese un prazo dinámico e non uniforme, xa que variará segundo o grao de desescalada en que se encontre a comunidade autónoma en cuxo territorio teña o seu domicilio a sociedade, por unha data certa, o 1 de xuño, e reactívase o tráfico xurídico social. Adicionalmente, redúcese de tres a dous meses o prazo para aprobar as contas anuais desde a formulación, co cal as empresas disporán antes dunhas contas aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, e harmonízase o dito prazo para todas as sociedades, sexan ou non cotizadas, en modo tal que todas deberán ter as contas aprobadas dentro dos dez primeiros meses do exercicio.

II. Cumprimento dos requisitos constitucionais do real decreto lei

En relación co emprego do real decreto lei como instrumento para a prórroga destas medidas, débense ter en conta dous aspectos referidos ás materias vedadas a este instrumento normativo e á concorrencia dos presupostos habilitantes que xustifican a utilización desta clase de norma. En relación cos primeiros, como sinala o artigo 86.1 da nosa Constitución, os reais decretos leis «non poderán afectar o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral». No caso do presente real decreto lei non se afecta ningunha destas materias como ocurría coa norma que agora se prorroga.

En efecto, as regulacións que se incorporan á norma non supoñen unha afección do núcleo esencial de ningún dos anteriores elementos, posto que non se regula ningunha institución básica do Estado, non se afecta a natureza dos dereitos e deberes dos cidadáns, non se incorporan afeccións ao réxime das comunidades autónomas posto que non é obxecto de ningunha destas medidas, e tampouco ten relación ningunha co réxime electoral, de modo que nada hai no seu contido que obste para a súa aprobación neste punto.

Polo que respecta á concorrencia dos presupostos habilitantes de extraordinaria e urxente necesidade, debe terse en conta a doutrina do noso Tribunal Constitucional, sintetizada no fundamento xurídico 4 da Sentenza 61/2018, do 7 de xuño de 2018. Conforme esta, requírense, por un lado, «a presentación explícita e razoada dos motivos que foron tidos en conta polo Goberno na súa aprobación», é dicir, o que veu denominarse a situación de urxencia; e, por outro, «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para solucionala». Como sinala o Tribunal Constitucional, xeralmente «veuse admitindo o uso do decreto lei en situacións que se cualificaron como “conxunturas económicas problemáticas”, para cuxo tratamento representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto que pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro que solucionar “situacións concretas dos obxectivos gobernamentais que por razóns difíciles de prever requiran unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o

requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis” (SSTC 31/2011, do 17 de marzo, FX 4; 137/2011, do 14 de setembro, FX 6, e 100/2012, do 8 de maio, FX 8). Finalmente, tamén se debe advertir que o feito de que se considere unha reforma estrutural non impide, por si soa, a utilización da figura do decreto lei, pois o posible carácter estrutural do problema que se pretende atallar non exclúe que o dito problema poida converterse nun momento dado nun suposto de extraordinaria e urxente necesidade, que xustifique a aprobación dun decreto lei, o que deberá ser determinado atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso (STC 137/2011, FX 6; reiterado en SSTC 183/2014, FX 5; 47/2015, FX 5, e 139/2016, FX 3)».

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F. 3; 189/2005, do 7 de xullo, F. 3; 68/2007, F. 10, e 137/2011, F. 7) e concorre no presente caso, o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa solucionar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns imposibles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno. O devir da crise sanitaria fai imprescindible prorrogar unhas medidas que en condicións normais non terían sido necesarias e que só poden ser adoptadas eficazmente mediante un real decreto lei. O mesmo ocorre coa medida excepcional relativa ao permiso de emprego dos mozos estranxeiros prevista nesta norma, en atención á propia vixencia desta normativa e da súa íntima conexión con este real decreto lei.

Así mesmo, a ampliación das condicións singulares acordadas en materia de investigación con organismos modificados xeneticamente e as medidas en materia de emprego quedan xustificadas en iguais termos, máxime tendo en conta que a súa redacción veu acordada por outro real decreto lei, de modo que a xustificación se remite nestes puntos á daqueles instrumentos.

Do mesmo modo, ao ser imprescindible a autorización da súa creación por medio de norma con rango de lei, conforme o artigo 123 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o emprego desta figura para autorizar o consorcio referido xustifícase plenamente en atención á súa capital importancia para o sistema científico español e a garantía do máis exacto cumprimento dos compromisos internacionais adquiridos polo Reino de España, e o seu emprego queda motivado pola imposibilidade dunha tramitación por medio de lei ordinaria, en atención aos prazos dela, mesmo polo procedemento de urxencia, xa que a habilitación para a constitución do consorcio require da súa máis pronta implantación.

Así, concorren na creación deste consorcio as notas de extraordinaria e urxente necesidade que precisa a súa inclusión no real decreto lei, a teor do establecido no artigo 86 da Constitución española. En primeiro lugar, o compromiso adquirido polo Reino de España ao conseguir a inclusión de IFMIF-DONES na folla de ruta de ESFRI (*European Strategic Forum on Research Infrastructures*) e o financiamento europeo asociado, de 4 millóns de euros, exixe, entre outras moitas medidas, a posta en marcha inmediata dunha estrutura de proxecto, dotada cos recursos adecuados que permita culminar con éxito a fase preparatoria recollida en ESFRI. Actualmente, estase procedendo á negociación internacional para definir a participación dos outros socios no proxecto, así como a definición da estrutura legal e de gobernanza do proxecto. Dado o papel relevante que este consorcio debe ter no proxecto e con obxecto de demostrar aos socios internacionais que as propostas que se realizan son viables, resulta de todo punto fundamental e urxente dispor dunha estrutura básica para pólo en marcha. Para manter a viabilidade do proxecto, o consorcio debe entrar en funcionamento antes de que se aproben os orzamentos de investigación da Unión Europea 2021-2027. En segundo lugar, cabe sinalar que unha fracción significativa dos fondos previstos para ser investidos nestas actividades nos próximos anos están asociados a Horizonte 2020, polo que é necesario executar e xustificar o gasto antes de 2023. O consorcio é a ferramenta que mellor permite unha

xestión eficiente destes fondos no prazo de tempo dispoñible, polo que a súa creación devén urxente nestes momentos. En terceiro lugar, a creación deste consorcio reportará un retorno económico a España estimado en máis de 1.000 millóns de euros derivados da súa posta en marcha e funcionamento, polo que supón un empuxe á actividade económica nun momento complexo como o actual, derivado da emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus SARS-CoV-2.

A adopción de medidas de carácter económico mediante real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional sempre que concorran unha motivación explícita e razoada da necesidade –entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta– e a urxencia –asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo–. Ningunha dúbida ofrece que a situación que afronta o noso país xera a concorrencia de motivos que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar diversas medidas. No actual escenario de contención e prevención do COVID-19 é urxente e necesario atallar a epidemia e evitar a súa propagación para protexer a saúde pública, así como tamén adoptar medidas de contido económico para afrontar as súas consecuencias.

En consecuencia, pódese asegurar que existe unha conexión directa entre a urxencia definida e a medida concreta adoptada para solucionarla: a prórroga das medidas acordadas e a modificación das restantes non podería esperar a unha tramitación parlamentaria posto que os efectos sobre a produción agroalimentaria e o correspondente abastecemento á poboación serían demasiado gravosos en caso de atraso. A inmediatez da entrada en vigor deste real decreto lei resulta tamén oportuna, posto que outra alternativa requiriría dun prazo moi superior no tempo (SSTC 68/2007, FX 10, e 137/2011, FX 7).

III. Adecuación aos principios de boa regulación

O presente real decreto lei configúrase de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade e seguridade xurídica recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste sentido, esta modificación é necesaria e eficaz por canto é preciso introducir neste momento os cambios máis urxentes para solucionar estas necesidades e non existe outro mecanismo máis que o dunha norma con rango de lei. En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación encóntrase exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas. Así mesmo, resulta proporcional e transparente porque esta modificación introduce só os elementos necesarios para a salvagarda do interese público neste momento, a través da súa prórroga, e, igualmente, garántese o principio de seguridade xurídica ao asegurar un correcto encaixe do conxunto de medidas. Finalmente, o principio de eficiencia considérase cumprido dado que non se impoñen novas cargas administrativas que non sexan imprescindibles fronte á regulación actual.

A presente disposición dítase, con carácter xeral, ao abeiro do artigo 149.1.13.^a CE, en canto atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. Os artigos 1 e 9 e as disposicións transitorias terceira e cuarta ampáranse, ademais, no artigo 149.1, regras 7.^a e 17.^a, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, e sobre lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas. Os artigos 4, 5, 10, 11 e 12, as disposicións adicionais primeira e terceira e a disposición transitoria segunda ampáranse, ademais, no artigo 149.1.14.^a CE, en canto atribúe ao Estado a competencia sobre facenda xeral e débeda do Estado. Os artigos 6, 7 e 8 e a disposición transitoria primeira dítanse, ademais, de acordo coas competencias que as regras 6.^a, 8.^a e 11.^a atribúen ao Estado sobre lexislación mercantil, lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan, e bases da ordenación do crédito, banca e seguros e, en todo caso, as regras relativas á ordenación dos rexistros

e instrumentos públicos, e as bases das obrigacións contractuais. O artigo 2 ampárase no disposto no artigo 149.1.15.^a CE, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica. O artigo 3 dítase de conformidade co artigo 149.1.21.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de telecomunicacións. A disposición adicional segunda ampárase na regra 2.^a do artigo 149.1 da Constitución española, pola que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, do ministro de Xustiza, da ministra de Facenda, da ministra de Traballo e Economía Social, do ministro de Cultura e Deporte, do ministro de Ciencia e Innovación, do ministro de Consumo e do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de maio de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. Prórroga de vixencia das medidas de flexibilización do emprego agrario previstas no Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de emprego agrario.

1. Quedan prorrogadas as medidas extraordinarias de flexibilización do emprego, de carácter social e laboral, previstas nos artigos 1 a 5 e nas disposicións adicionais primeira e segunda do Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de emprego agrario, até o 30 de setembro de 2020.

2. As empresas e empregadores deberán comunicar aos servizos públicos de emprego autonómicos, no prazo dos dez días hábiles seguintes á súa concertación, as contratacións cuxa vixencia se acorde prorrogar, e indicar a nova data de finalización.

Artigo 2. Autorización para a creación do Consorcio para o impulso da construción en España da infraestrutura científico-técnica «International Fusion Materials Irradiation Facility-Demo Oriented Neutron Source».

1. Autorízase a creación dun consorcio de apoio á candidatura e eventual construción en España da *International Fusion Materials Irradiation Facility-Demo Oriented Neutron Source* (IFMIF-DONES).

2. O Consorcio contará coa participación da Administración xeral do Estado (a través do Ministerio de Ciencia e Innovación) e da Xunta de Andalucía, que achegarán recursos para o seu sostemento. A denominación definitiva do consorcio establecerase no seu convenio regulador e nos seus estatutos.

3. A vixencia do consorcio manterase mentres dure a candidatura para albergar a infraestrutura IFMIF-DONES, e poderá continuar posteriormente en caso de éxito desta para atender as obrigacións que correspondan ao Reino de España como país anfitrión da infraestrutura internacional e para prestar apoio na súa construción.

Artigo 3. Fraccionamento e aprazamento de débedas nos servizos de comunicacións electrónicas.

1. Os operadores de comunicacións electrónicas deberán conceder aos seus abonados, logo de solicitude destes, un fraccionamento e, en consecuencia, aprazamento da débeda correspondente ás facturas presentadas ao cobramento desde a data de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e as súas prórrogas, e, en todo caso, até o 30 de xuño de 2020, ambos incluídos.

As condicións do fraccionamento e aprazamento serán as seguintes:

- a) O fraccionamento será lineal ao longo dos meses aprazados.
- b) O prazo para realizar os pagamentos fraccionados será de seis meses, salvo que o abonado acordase libremente co operador un prazo diferente, xa sexa superior ou inferior.
- c) Non se devindicarán xuros de demora nin se exixirán garantías para o fraccionamento e aprazamento.

2. A aceptación da solicitude do fraccionamento e aprazamento da débeda determinará a suspensión do dereito dos abonados á conservación dos números que lles fosen asignados en caso de cambio do operador que preste o servizo, até o momento en que o abonado estea ao día da débeda aprazada ou, en todo caso, durante o prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

Aqueles abonados que non soliciten ou que non acepten o fraccionamento e aprazamento da débeda nos termos indicados no punto anterior terán suspendido o dereito de conservación de numeración por cambio de operador até que o abonado salde a débeda contraída co operador e, en todo caso, por un período de tres meses contados desde o día en que finalice a vixencia do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e as súas prórrogas.

3. Non obstante o anterior, os abonados non terán suspendido o seu dereito á conservación dos números asignados en caso de cambio do operador cando comuniquen ao operador a súa desconformidade coa factura e, en ausencia de resposta satisfactoria, interpuxesen a correspondente reclamación ante un organismo oficial.

Para estes efectos, o operador deberá resolver a reclamación que lle presente o abonado nun prazo máximo dunha semana. Esta resolución ou a súa ausencia nese prazo máximo lexitimará o abonado para acudir ante os organismos oficiais que tramiten reclamacións de usuarios finais.

Artigo 4. Autorización para o outorgamento de avais a favor da Comisión Europea no marco do Instrumento europeo de apoio temporal para mitigar os riscos de desemprego nunha emerxencia (Instrumento SURE).

1. Ao abeiro do establecido no artigo 114 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, autorízase a Administración xeral do Estado para outorgar avais por importe máximo de 2.252.890.750 euros no ano 2020, no marco do disposto no Regulamento (UE) 2020/672 do Consello, do 19 de maio de 2020, relativo á creación dun instrumento europeo de apoio temporal para atenuar os riscos de desemprego nunha emerxencia (SURE) a raíz do brote de COVID-19 conforme as características que no dito regulamento se especifican, a favor da Comisión Europea no marco do Instrumento SURE. Os avais serán incondicionais, irrevogables e a primeira demanda da Comisión Europea e con renuncia ao beneficio de excusión establecido no artigo 1.830 do Código civil.

2. Habilitase a ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para ditar os actos necesarios e para asinar o acordo ou os acordos coa Comisión Europea nos cales se establezan os termos en que se outorguen os avais e as condicións de pagamento. A ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá convir as cláusulas que resulten usuais nos mercados financeiros, de conformidade co previsto no artigo 116 da Lei 47/2003, mediante a sinatura dun acordo coa Comisión Europea.

3. Autorízase a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para realizar os pagamentos correspondentes á execución do aval mediante operacións de tesouraría con cargo aos conceptos específicos que se creen para tal fin.

Con posterioridade á realización dos pagamentos, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio. Os pagamentos efectuados no mes de decembro de cada ano aplicaranse ao orzamento de gastos no trimestre inmediatamente seguinte.

4. Os importes correspondentes ás execucións dos avais outorgados atenderanse desde a partida orzamentaria do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital 27.04.923O.351 «Cobertura de riscos en avais prestados polo Tesouro, incluídos os riscos de exercicios anteriores». Este crédito ten o carácter de ampliable, segundo o anexo II «Créditos ampliables» da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, de conformidade co previsto no artigo 54 da Lei 47/2003, xeral orzamentaria, e seralle de aplicación o disposto no artigo 59 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, no relativo a estes avais.

Artigo 5. Cobertura orzamentaria das execucións dos avais concedidos polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital en virtude do disposto no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

1. Os importes correspondentes á execución dos avais outorgados polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ao financiamento concedido a empresas e autónomos en virtude do establecido no artigo 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, atenderanse desde a partida orzamentaria do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital 27.04.923O.351 «Cobertura de riscos en avais prestados polo Tesouro, incluídos os riscos de exercicios anteriores». Este crédito ten o carácter de ampliable, segundo o anexo II «Créditos ampliables» da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, de conformidade co previsto no artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e seralle de aplicación o disposto no artigo 59 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, no relativo aos avais outorgados en virtude do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

2. Autorízase a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para realizar os pagamentos correspondentes ás execucións do aval mediante operacións de tesouraría con cargo aos conceptos específicos que se creen para tal fin.

Con posterioridade á realización dos pagamentos, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio. Os pagamentos efectuados no mes de decembro de cada ano aplicaranse ao orzamento de gastos no trimestre inmediatamente seguinte.

Artigo 6. Acordos marco sectoriais promovidos polas asociacións representativas de entidades financeiras sobre aprazamento de operacións de financiamento de clientes afectados pola crise do coronavirus.

1. As entidades financeiras que se adhiran a acordos marco sectoriais para a concesión de moratorias convencionais cos seus debedores como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19 suxeitaranse ao disposto neste artigo e nos artigos 7 e 8 sempre que os ditos acordos marco sectoriais se comunicasen ao Banco de España para o seu rexistro, que os publicará na súa páxina web.

2. Para estes efectos, enténdese por entidades financeiras as entidades de crédito, os establecementos financeiros de crédito, os prestamistas de crédito inmobiliario, as entidades de pagamento e as entidades de diñeiro electrónico.

3. As entidades financeiras que se adhiran a un acordo marco sectorial remitirán cada día hábil ao Banco de España a seguinte información referida ao día hábil precedente:

- a) Número de solicitudes de suspensión presentadas por debedores.
- b) Número de suspensións concedidas.
- c) Número de solicitudes de suspensión denegadas.
- d) Número de beneficiarios da suspensión, desagregados, por un lado, en debedores e avalistas e, por outro lado, en asalariados e empresarios/profesionais.
- e) Número de préstamos cuxo pagamento se suspendeu.
- f) Saldo vivo pendente de amortización cuxo pagamento se suspende.
- g) CNAE da actividade que viña realizando o debedor.

h) Número de préstamos en que o debedor solicita que se documente a suspensión en escritura notarial.

4. O previsto neste artigo, nos artigos 7 e 8 e na disposición transitoria primeira terán a consideración de norma de ordenación e disciplina a que se refire o artigo 2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

Artigo 7. Disposicións xerais sobre as moratorias convencionais subscribas ao abeiro dun acordo marco sectorial.

1. As moratorias convencionais subscribas entre o debedor e a súa entidade financeira ao abeiro dun acordo marco sectorial poderán ter por obxecto toda clase de préstamos, créditos e arrendamentos financeiros.

2. A moratoria convencional subscriba entre o debedor e a súa entidade financeira ao abeiro dun acordo marco sectorial poderá acordar, sen prexuízo da devindicación dos xuros pactados no contrato de préstamo inicial, que o importe do aprazado se aboe mediante:

- a) A redistribución das cotas sen modificación do prazo de vencemento, ou
- b) A ampliación do prazo de vencemento nun número de meses equivalente á duración da moratoria.

O debedor e a entidade financeira poderán acordar a prórroga, coas mesmas condicións e prima pactadas inicialmente do seguro de protección de pagamentos ou de amortización de préstamo que se contratase, co préstamo que se nova polo mesmo período de tempo en que se amplíe o vencemento deste, coa conseguinte débeda da prima. Para estes efectos, entenderase por seguro de protección de pagamentos aquel que cobre a continxencia de desemprego ou a incapacidade temporal do debedor asegurado, e por seguro de amortización aquel que cobre o debedor ante as continxencias de falecemento ou invalidez sobre a totalidade ou parte do capital do préstamo.

3. As moratorias a que se refire o número anterior non poderán en ningún caso:

- a) Modificar o tipo de xuro pactado.
- b) Cobrar gastos ou comisións excepto que se trate dun préstamo sen xuro e o efecto do gasto ou comisión non supoña un aumento da taxa anual equivalente (TAE) acordada no contrato inicial, ou ben se trate da prima da prórroga do contrato de seguro sinalado no número anterior.
- c) Comercializarse xunto con calquera outro produto vinculado ou combinado.
- d) Establecer outras garantías adicionais, persoais ou reais, que non constasen no contrato orixinal.

4. Cando a entidade financeira conceda, simultánea ou sucesivamente, unha moratoria legal e unha moratoria convencional, o acordo de moratoria convencional suscrito co debedor recollerá expresamente o recoñecemento da moratoria legal e suspenderanse os efectos da moratoria convencional até o momento en que finalice aquela.

5. Para os efectos deste artigo, entenderase por moratoria legal a regulada nos artigos 13.3, 14 e 15 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, así como nos artigos 24.2 e 25 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

6. Antes da formalización da moratoria a que se refire este precepto, a entidade financeira deberá entregar ao debedor xunto coa proposta de acordo para establecer a moratoria convencional información simplificada sobre as condicións do préstamo que, ao menos, deberá incluír:

- a) As consecuencias xurídicas e económicas do aprazamento, con ou sen ampliación de prazo, do préstamo afectado.

b) Se for o caso, as condicións da prórroga do seguro de protección de pagamentos ou de amortización de préstamo que inicialmente se contratase co préstamo que se nova.

7. A información simplificada e a proposta de acordo para establecer a moratoria convencional a que se refire o número anterior serán entregadas pola entidade financeira gratuitamente en soporte duradeiro ao debedor por calquera medio, incluídos os telemáticos e os servizos de banca electrónica de que dispoña a entidade financeira, sempre que permitan acreditar o contido e a entrega ao debedor.

8. O acordo de moratoria convencional acollido ao previsto neste artigo e nos artigos 6 e 8 poderá ser asinado polo prestameiro e, se for o caso, os fiadores e avalistas, de maneira manuscrita, mediante sinatura electrónica, polo sistema de outorgamento do consentimento que tivesen fixado contractualmente o debedor e a entidade financeira, ou por calquera outro medio que permita obter validamente o consentimento. En todo caso, o medio empregado deberá deixar constancia do contido e da data en que se presta o consentimento. Para a súa inscrición no rexistro correspondente o acordo de moratoria deberá constar en documento público cando, conforme as regras xerais, resulte exigible.

9. A formalización do contrato polo que se establece a moratoria convencional acollida a un acordo marco sectorial dos sinalados no artigo anterior non estará sometida ao previsto:

a) Nos artigos 10, 11, 12, 14 e 15, o número 2 da disposición transitoria primeira da Lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario, nin

b) Nos artigos 7 a 12 e 14 de Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo.

10. A inscrición da moratoria convencional suscrita entre o debedor e a súa entidade financeira ao abeiro dun acordo marco sectorial no correspondente rexistro terá plenos efectos, se for o caso, fronte aos acredores intermedios inscritos aínda que non conte co consentimento destes.

11. Os aranceis notariais e rexistrais dos instrumentos notariais en que se eleve a público o acordo suscrito co debedor de moratoria convencional acollida ao previsto neste artigo, e da inscrición no rexistro correspondente serán os previstos nos artigos 16 ter do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e 24.6 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

Artigo 8. Réxime excepcional de formalización das moratorias convencionais suscritas ao abeiro de acordos marco sectoriais adoptados como consecuencia da crise sanitaria provocada pola COVID-19.

1. Cando na moratoria se pacte exclusivamente un aprazamento do principal ou principal e xuros dun préstamo ou crédito con garantía real ou un arrendamento financeiro cuxa inscrición requira a formalización en documento público e, se for o caso, a prórroga do seguro de protección de pagamentos ou de amortización de préstamo a que se refire o número 2 do artigo 7, a entidade financeira elevará unilateralmente a público o acordo de moratoria suscrito polo debedor e, se for o caso, os fiadores e avalistas sempre que:

a) A moratoria se materialice mediante a ampliación do prazo de vencemento, e
b) O debedor non manifeste expresamente a súa vontade de comparecer ante o notario para o outorgamento bilateral.

2. O notario protocolizará, xunto ao acordo suscrito sinalado no número anterior:

a) A prórroga do seguro de protección de pagamentos ou de amortización de préstamo a que se refire o número 2 do artigo 7, se for o caso,
b) A información simplificada a que se refire o número 6 do artigo anterior,
c) O xustificante da súa recepción polo debedor, e

d) Unha declaración responsable subscrita por persoa con poder bastante para actuar en nome da entidade financeira, en que se manifeste:

- i. O concreto acordo marco sectorial a que se acolle a moratoria e que cumpre todos os requisitos previstos nel,
- ii. Que o debedor recibiu a información simplificada sinalada no número 6 do artigo 7,
- iii. Que o consentimento do debedor se prestou de conformidade co previsto no número 8 do artigo 7, e
- iv. A data da sinatura do acordo de moratoria.

3. O notario facilitará gratuitamente ao debedor unha copia simple do instrumento notarial en que se eleve unilateralmente a público o acordo de moratoria convencional acollido ao previsto neste artigo.

4. O notario autorizante deberá, en todo caso, comprobar que a entidade financeira proporcionou ao debedor a información simplificada prevista no artigo 7 e rexeitar o outorgamento cando non se axuste ao previsto neste artigo e nos artigos 6 e 7.

Artigo 9. *Consideración como continxencia profesional derivada de accidente de traballo das enfermidades padecidas polo persoal que presta servizo en centros sanitarios ou sociosanitarios como consecuencia do contaxio do virus SARS-CoV-2 durante o estado de alarma.*

1. As prestacións de seguridade social que cause o persoal que presta servizos en centros sanitarios ou sociosanitarios, inscritos nos rexistros correspondentes, e que, no exercicio da súa profesión, contraese o virus SARS-CoV-2 durante calquera das fases da epidemia, por ter estado exposto a ese risco específico durante a prestación de servizos sanitarios e sociosanitarios, cando así o acrediten os servizos de prevención de riscos laborais e saúde laboral, consideraranse derivadas de accidente de traballo ao entender cumpridos os requisitos exixidos no artigo 156.2.e) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

2. Esta previsión aplicarase aos contaxios do virus SARS-CoV-2 producidos até o mes posterior á finalización do estado de alarma. Este aspecto acreditarase mediante o correspondente parte de accidente de traballo que deberá terse expedido dentro do mesmo período de referencia.

3. Nos casos de falecemento, consideraranse que a causa é accidente de traballo sempre que o falecemento se producise dentro dos cinco anos seguintes ao contaxio da enfermidade e derivado dela, de conformidade co disposto no artigo 217.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 10. *Aprobación de modificacións orzamentarias no orzamento de gastos do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.*

1. Concédese un suplemento de crédito no Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións por un importe de 98.840.000 euros, na aplicación orzamentaria 19.02.000X.420.02 «Achega do Estado ao orzamento da Seguridade Social para financiar as prestacións non contributivas establecidas pola Lei 26/1990, do 20 de decembro, pensións, mesmo para atender obrigacións de exercicios anteriores».

2. Concédese un suplemento de crédito no Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións por un importe de 272.135.370 euros na aplicación orzamentaria 19.02.000X.420.03 «Achega do Estado ao orzamento da Seguridade Social para financiar as prestacións non contributivas establecidas pola leis 26/1990, do 20 de decembro, e 35/2007, do 15 de novembro. Protección familiar, mesmo para atender obrigacións de exercicios anteriores».

3. Concédese un crédito extraordinario no Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións por un importe de 14.002.593.690 euros na aplicación orzamentaria 19.02.000X.429.06 «Transferencia para equilibrar o impacto nas contas da Seguridade Social derivado do COVID-19».

4. As modificacións anteriores financiaranse de conformidade co artigo 46 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018.

Artigo 11. *Préstamo á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.*

1. Co obxecto de proporcionar cobertura adecuada ás obrigacións da Seguridade Social e posibilitar o seu equilibrio financeiro, concédese un préstamo á Tesouraría Xeral da Seguridade Social por importe de 16.500.000.000 de euros. O citado préstamo non devindicará xuros e a súa cancelación producirase nun prazo máximo de dez anos a partir do 1 de xaneiro de 2021. O calendario de desembolsos deste préstamo será acordado entre a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

2. Para financiar este préstamo, autorízase un suplemento de crédito polo dito importe no orzamento da sección 19 «Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social», servizo 02 «Secretaría de Estado da Seguridade Social», programa 291M «Dirección e Servizos Xerais de Seguridade Social e Protección Social», capítulo 8 «Activos financeiros», artigo 82 «Concesión de préstamos ao sector público», concepto 822 «Préstamos á Seguridade Social para o seu equilibrio financeiro».

3. A modificación anterior financiarase de conformidade co artigo 46 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Artigo 12. *Presentación da declaración do imposto sobre sociedades para os contribuíntes que se axusten para a formulación e aprobación das contas anuais do exercicio ao disposto nos artigos 40 e 41 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

1. Os contribuíntes do imposto sobre sociedades cuxo prazo para a formulación e aprobación das contas anuais do exercicio se axuste ao disposto nos artigos 40 e 41 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, presentarán a declaración do imposto para o período impositivo correspondente ao dito exercicio no prazo previsto no número 1 do artigo 124 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

Se no momento da finalización deste último prazo as contas anuais non foron aprobadas polo órgano correspondente, a declaración realizarase coas contas anuais dispoñibles.

Para estes efectos, entenderase por contas anuais dispoñibles:

a) Para as sociedades anónimas cotizadas, as contas anuais auditadas a que se refire a letra a) do número 1 do artigo 41 do mencionado Real decreto lei 8/2020.

b) Para o resto de contribuíntes, as contas anuais auditadas ou, na súa falta, as contas anuais formuladas polo órgano correspondente, ou, na falta destas últimas, a contabilidade dispoñible levada de acordo co previsto no Código de comercio ou co establecido nas normas polas que se rexan.

2. No caso de que a autoliquidación do imposto que deba resultar consonte as contas anuais aprobadas polo órgano correspondente difira da presentada conforme o disposto no número anterior, os contribuíntes presentarán unha nova autoliquidación con prazo até o 30 de novembro de 2020.

a) A nova autoliquidación terá a consideración de complementaria para os efectos previstos no artigo 122 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, se dela resulta unha cantidade a ingresar superior ou unha cantidade a devolver inferior á derivada da autoliquidación anterior efectuada conforme o disposto no número anterior.

A cantidade a ingresar resultante devindicará xuros de demora conforme o disposto no artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, desde o día seguinte ao da finalización do prazo previsto no número 1 do artigo 124 da Lei 27/2014, do 27 de

novembro, do imposto sobre sociedades, sen que lle resulte de aplicación o disposto no artigo 27 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Nos casos non comprendidos na letra anterior, a nova autoliquidación producirá efectos desde a súa presentación, sen que resulte de aplicación o disposto no número 3 do artigo 120 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nos artigos 126 e seguintes do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, nin se limiten as facultades da Administración para verificar ou comprobar a primeira e a nova autoliquidación.

Para os efectos do disposto neste número, non resultarán de aplicación respecto da nova autoliquidación as limitacións á rectificación das opcións a que se refire o número 3 do artigo 119 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. No caso de devolución de cantidades derivadas da aplicación do disposto neste artigo, aplicarase o artigo 127 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades. Para estes efectos, o prazo dos 6 meses contarase a partir da finalización do prazo establecido no número anterior para a presentación da nova autoliquidación.

Non obstante o anterior, cando da rectificación a que se refire a letra b) do número anterior resulte unha cantidade a devolver como consecuencia dun ingreso efectivo na autoliquidación anterior, devindicaranse xuros de demora sobre a dita cantidade desde o día seguinte ao da finalización do prazo voluntario de declaración a que se refire o número 1 do artigo 124 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, até a data en que se ordene o pagamento da devolución.

4. As autoliquidacións presentadas polos obrigados tributarios a que se refire este artigo poderán ser obxecto de verificación e comprobación pola Administración, que practicará, se for o caso, a liquidación que proceda. En particular, non derivará ningún efecto preclusivo das rectificacións a que se refire a letra b) do número 2 deste artigo.

Disposición adicional primeira. *Limitación do gasto na Administración xeral do Estado.*

Exceptúanse da limitación de gasto establecida no artigo 21 do Real decreto lei 2/2020, do 2 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, as medidas necesarias para a aplicación do Acordo entre o Ministerio do Interior, sindicatos de Policía Nacional e asociacións profesionais da Garda Civil, do 12 de marzo de 2018.

Disposición adicional segunda. *Réxime aplicable aos mozos, nacionais de terceiros países, que se encontren en situación regular de entre os 18 e os 21 anos que fosen empregados no sector agrario con base no Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de emprego agrario, cando finalice a súa vixencia.*

1. Tras a finalización da vixencia do Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de emprego agrario, concederase unha autorización de residencia e traballo a aqueles mozos estranxeiros que, con base no previsto no artigo 2.1.d) do citado real decreto lei, fosen contratados no sector agrario durante a vixencia deste.

2. A autorización solicitaráase o estranxeiro, persoalmente, mediante representación ou a través dos medios telemáticos habilitados para isto, e deberá acreditar os seguintes requisitos:

a) Que foi contratado para unha actividade continuada no sector agrario con base no artigo 2.1.d) do Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, e non desistiu dela.

b) Que carece de antecedentes penais.

3. O prazo para presentar a solicitude será dun mes tras a finalización da vixencia do Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, na delegación ou subdelegación do Goberno na provincia en que se resida. O prazo máximo de resolución será dun mes. Se non se resolve no dito prazo, a autorización entenderase estimada por silencio administrativo.

4. Esta autorización terá unha vixencia de dous anos, renovables por outros dous, e será válida en todo o territorio nacional, sen limitación ningunha por ocupación ou sector de actividade e sen aplicación da situación nacional de emprego.

5. No prazo dun mes desde a notificación da concesión, deberá solicitar a tarxeta de identidade de estranxeiro.

6. Autorízase o órgano competente por razón da materia do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para adoptar as medidas e ditar as instrucións de desenvolvemento que considere necesarias para a execución desta medida.

Disposición adicional terceira. *Ampliación do prazo previsto no artigo 95 bis da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

A publicación a que se refire o artigo 95 bis da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, derivada da concorrencia en data do 31 de decembro de 2019 dos requisitos exixidos para a inclusión naquel, producírase, en todo caso, antes do 1 de outubro de 2020.

Disposición transitoria primeira. *Moratorias acollidas a un acordo marco sectorial e subscribas con anterioridade á entrada en vigor desta norma.*

1. As moratorias convencionais acollidas a un acordo marco sectorial dos previstos no artigo 6 que fosen subscribas polo debedor e a súa entidade financeira antes da entrada en vigor deste real decreto lei suxeitaranse ao disposto neste precepto.

2. A obrigaón de entrega previa da información simplificada establecida no número 6 do artigo 7 considerarase cumprida nas moratorias a que fai referencia o número anterior cando a entidade financeira:

a) Entregase ao debedor con anterioridade á subscripción da moratoria a información normalizada europea sobre o crédito ao consumo que figura no anexo II da Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo, no caso dun crédito ao consumo, ou a Ficha europea de información normalizada (FEIN) recollida no anexo I da Lei 5/2019, do 15 de marzo, antes da elevación a público prevista no artigo 8, ou ben

b) Entregue ao debedor antes da elevación a público do acordo de moratoria a información simplificada prevista no número 6 do artigo 7 xunto coa información do dereito que o asiste a desistir da moratoria no prazo de dez días, sen que o debedor exercese o dito dereito.

3. Nas moratorias a que fai referencia o número 1, as obrigaóns de transparencia en relación cos contratos recollidas no artigo 7 da Lei 5/2019, do 15 de marzo, deberán cumprirse no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición transitoria segunda. *Ampliación do prazo de non devindicación de xuros de demora para os aprazamentos do artigo 14 do Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, e do artigo 52 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.*

As modificacións do número 4 do artigo 14 do Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, e do número 6 do artigo 52 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, aplicaranse, respectivamente, ás solicitudes de aprazamento que se

presentasen a partir da entrada en vigor dos ditos reais decretos leis 7/2020, do 12 de marzo, e 11/2020, do 31 de marzo.

Disposición transitoria terceira. *Efectos da cualificación como continxencia profesional derivada de accidentes de traballo das enfermidades padecidas polo persoal que presta servizo en centros sanitarios ou sociosanitarios como consecuencia do contaxio do virus SARS-CoV-2 durante o estado de alarma.*

A asistencia sanitaria prestada aos traballadores protexidos no artigo 9 durante a declaración do estado de alarma que, até a data de entrada en vigor desta norma, se veu considerando como derivada de continxencia común, manterá a dita cualificación.

Non obstante, unha vez recoñecida a continxencia profesional da prestación nos termos do artigo 9, a asistencia sanitaria, derivada da recaída como consecuencia do contaxio do virus SARS-CoV-2 durante o estado de alarma, terá a natureza de continxencia profesional.

Disposición transitoria cuarta. *Solicitudes de prestacións por desemprego formuladas ao abeiro do artigo 2 do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019, que se encontren pendentes de resolución ou que fosen denegadas.*

As solicitudes de prestacións por desemprego formuladas ao abeiro do disposto no artigo 2 do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019, que se encontren pendentes de resolución no momento de entrada en vigor do presente real decreto lei, resolveranse de acordo coas normas establecidas neste último.

No caso de que as solicitudes xa tivesen sido denegadas no momento da entrada en vigor do presente real decreto lei, os interesados poderán volver presentalas conforme o disposto neste último.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogados o número segundo do artigo 16 ter e o artigo 20 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

2. Con efectos do 1 de xuño de 2020, queda derogada a disposición adicional segunda do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Engádesse un novo número 29 na letra B) do artigo 45.I do texto refundido da Lei do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, que terá a seguinte redacción:

«29. As escrituras de formalización das moratorias previstas en artigo 13.3 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, así como no artigo 24.2 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, e das moratorias convencionais concedidas ao abeiro de acordos marco sectoriais adoptados como consecuencia da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 previstas no artigo 7 do Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.*

O artigo 103.c) da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, queda redactado como segue:

«c) A tenza, a consignación, o transporte, o tránsito, o almacenamento, a transformación, a exposición e a venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros prohibidos ou de tamaño ou peso inferiores aos regulamentarios. Nos supostos en que estas condutas afecten as diferentes especies de moluscos e se realicen en lonxa ou en calquera dos establecementos autorizados para a primeira venda, o volume total vendido de tamaño ou peso inferior ao mínimo nun día deberá ser superior ao 10 % do total comercializado para esa especie. No caso de que esta porcentaxe sexa inferior ou igual ao 10 % e a súa captura se considere non intencionada, considerarase infracción leve e non poderá ser obxecto de comercialización.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.*

Modifícase a letra a) do número 3 do artigo 55 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, que queda redactada como segue:

«a) Por finalizar o período para o que foi nomeado, caso en que continuará no exercicio das súas funcións até o nomeamento de quen o suceda.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 877/2015, do 2 de outubro, de desenvolvemento da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, polo que se regula o fondo de reserva que deben constituír determinadas fundacións bancarias; se modifica o Real decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo, e se modifica o Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

Engádesse unha disposición adicional nos seguintes termos:

«Disposición adicional primeira. *Suspensión da obrigaçión de achegar ao fondo de reserva.*

Debido aos efectos económicos derivados da pandemia COVID-19, as fundacións bancarias a que se refire o artigo 2 non estarán obrigadas a realizar dotacións ao fondo de reserva durante o ano 2020. O prazo de constitución do fondo de reserva, previsto no artigo 6, suspenderase durante o ano natural 2020. A suspensión da achega durante o ano 2020 non será compensada na achega do ano seguinte. Así, as achegas restantes até alcanzar o importe obxectivo establecido en virtude do artigo 4 distribuiranse de forma lineal no tempo, de conformidade co número 3 do artigo 6.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.*

Engádesse un novo número 11 ao artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, coa seguinte redacción:

«11. O fondo procederá á instrución dun expediente para a comprobación da procedencia dos salarios e indemnizacións reclamados, respectando en todo caso os límites previstos nos números anteriores.

Unha vez concluída a instrución do expediente, o órgano competente ditará resolución no prazo máximo de tres meses contados desde a presentación en forma da solicitude. A notificación ao interesado deberá ser cursada dentro do prazo de 10 días a partir da data en que o acto fose ditado.

Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, o solicitante poderá entender estimada por silencio administrativo a solicitude de recoñecemento das obrigacións con cargo ao fondo, sen que en ningún caso poida obterse por silencio o recoñecemento de obrigacións en favor de persoas que non poidan ser legalmente beneficiarias ou por contía superior á que resulte por aplicación dos límites previstos nos números anteriores. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo só poderá ditarse de ser confirmatoria do recoñecemento da obrigación, en favor de persoas que poidan ser legalmente beneficiarias e dentro dos límites previstos nos números anteriores. En todo caso, para efectos probatorios, poderase solicitar un certificado acreditativo do silencio producido, no cal se incluírán as obrigacións con cargo ao fondo que, dentro dos límites previstos nos números anteriores, deben entenderse recoñecidas.

Contra a dita resolución poderá interperse demanda ante o órgano xurisdiccional da orde social competente no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación se o acto for expreso; se non o for, o dito prazo contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse estimada a solicitude conforme o establecido no número anterior por silencio.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

O segundo parágrafo do número 1 do artigo 324 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, queda redactado como segue:

«As limitacións na contratación de traballadores por conta allea a que se refire o parágrafo anterior enténdense aplicables por cada explotación agraria. No caso de que na explotación agraria existan dous ou máis titulares, en alta todos eles no Sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, engadirase ao número de traballadores ou xornais previstos no parágrafo anterior un traballador máis con cotización por bases mensuais, ou douscentos setenta e tres xornais ao ano, en caso de traballadores con cotización por xornadas reais, por cada titular da explotación agraria, excluído o primeiro.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación do Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19.*

O número 4 do artigo 14 do Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, queda redactado do seguinte modo:

«4. As condicións do aprazamento serán as seguintes:

- a) O prazo será de seis meses.
- b) Non se devindicarán xuros de demora durante os primeiros catro meses do aprazamento.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

O Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 17, que queda redactado como segue:

«4. A prestación extraordinaria por cesamento de actividade regulada neste artigo terá unha duración dun mes e ampliarase, se for o caso, até o último día do mes en que finalice o estado de alarma, no suposto de que este se prorrogue e teña unha duración superior ao mes. O tempo da súa percepción entenderase como cotizado, non existirá obrigación de cotizar e non reducirá os períodos de prestación por cesamento de actividade aos cales o beneficiario poida ter dereito no futuro.

As cotizacións polas que non exista obrigación de cotizar serán a cargo dos orzamentos da Seguridade Social no caso da achega por continxencias comúns, das mutuas colaboradoras ou, se for o caso, entidade xestora correspondente, no caso da achega por continxencias profesionais e cesamento da actividade, e con cargo aos orzamentos das entidades correspondentes no caso do resto de achegas.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 24, que queda redactado como segue:

«2. A dita exoneración non terá efectos para a persoa traballadora e manterase a consideración do dito período como efectivamente cotizado para todos os efectos, sen que resulte de aplicación o establecido no número 1 do artigo 20 da Lei xeral da seguridade social.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 40, que queda redactado nos seguintes termos:

«A obrigación de formular as contas anuais, ordinarias ou abreviadas, individuais ou consolidadas, no prazo de tres meses contados desde o peche do exercicio social que incumbe ao órgano de Goberno ou administración dunha persoa xurídica e, cando for legalmente exixible, o informe de xestión e demais documentos exixibles segundo a lexislación de sociedades, queda suspendida até o 1 de xuño de 2020, e continuará de novo por outros tres meses contados desde esa data. Non obstante o anterior, será válida a formulación das contas que realice o órgano de Goberno ou administración dunha persoa xurídica durante o estado de alarma e poderá igualmente realizar a súa verificación contable dentro do prazo legalmente previsto ou acollerse á prórroga prevista no número seguinte.»

Catro. Modifícase o número 5 do artigo 40, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. A xunta xeral ordinaria, para aprobar as contas do exercicio anterior, reunirse necesariamente dentro dos dous meses seguintes contados desde que finalice o prazo para formular as contas anuais. »

Cinco. O número 3 da disposición adicional sétima queda redactado como segue:

«3. Durante o prazo dun ano desde a finalización do estado de alarma declarado mediante o Real decreto 63/2020, do 14 de marzo, establécese un réxime especial para calquera actividade de liberación voluntaria e utilización confinada con organismos modificados xeneticamente que se solicite consonte a Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de OMX, cando o órgano competente responsable da súa tramitación considere, teña por obxecto ou se demostre a súa utilidade para

previr, combater ou conter axentes infecciosos, procesos ou situacións que poidan ter repercusións para a saúde, en especial referidas ao COVID-19.

En tales casos, e sempre que a Comisión Nacional de Bioseguridade emitise informe favorable por procedemento escrito sobre a solicitude, cando sexa preceptiva a comunicación e información pública de acordo co previsto no Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, o prazo desta será de cinco días naturais.

Finalizado o dito prazo, procederase de inmediato á votación correspondente no seo do Consello Interministerial de Organismos Modificados Xeneticamente.

En caso de acordarse a autorización, os titulares desta desenvolverán as ditas actividades en estrito cumprimento das condicións previstas na avaliación de risco incluídas na súa notificación e co informe favorable da Comisión Nacional de Bioseguridade. Ademais, no caso de que se trate de actividades de utilización confinada, a actividade só se realizará en instalacións previamente autorizadas para ese nivel de risco ou superior, consonte a Lei 9/2003, do 25 de abril.»

Disposición derradeira novena. *Modificación do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.*

Un. O artigo 21.1 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, queda redactado como segue:

«1. Establécense medidas conducentes a procurar a suspensión temporal das obrigacións contractuais derivadas de todo préstamo ou crédito sen garantía hipotecaria que estiver vixente na data de entrada en vigor deste real decreto lei, cando estea contratado por unha persoa física que se encontre en situación de vulnerabilidade económica, na forma definida no artigo 16, como consecuencia da crise sanitaria provocada polo COVID-19.

En todo caso, os contratos de arrendamento financeiro entenderanse incluídos dentro do ámbito de aplicación obxectivo da suspensión temporal a que se refire o parágrafo anterior.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 48, que queda redactado como segue:

«1. As entidades de dereito público pertencentes ao sector público estatal e as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social procurarán formular e render as contas anuais de 2019 de acordo cos prazos previstos na normativa. Non obstante, cando con motivo da declaración de estado de alarma isto non for posible e así fose acordado e comunicado polo contadante á Intervención Xeral da Administración do Estado, quedarán suspendidos os prazos previstos na normativa que resulte de aplicación, desde a declaración do dito estado, e continuará o seu cómputo cando desapareza a dita circunstancia ou ampliarse o prazo previsto nun período equivalente ao da duración efectiva do estado de alarma.»

Tres. O número 6 do artigo 52 queda redactado do seguinte modo:

«6. As condicións do aprazamento serán as seguintes:

a) O prazo será de seis meses desde a finalización do prazo de ingreso que corresponda conforme o previsto no artigo 108 do Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o código alfandegueiro da Unión.

b) Non se devindicarán xuros de demora durante os primeiros catro meses do aprazamento.»

Disposición derradeira décima. *Modificación do Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de emprego agrario.*

Modifícase o parágrafo terceiro da letra e) do artigo 3, que queda redactado como segue:

«Será incompatible coa prestación por nacemento e coidado de menor da Seguridade Social, ben que, salvo polo que respecta ao período obrigatorio da nai biolóxica a continuación do parto, o período obrigatorio, ou a parte que reste del, se poderá desfrutar desde o día seguinte á finalización das retribucións previstas no presente real decreto lei.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego.*

Engádesse na disposición adicional décimo quinta do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, un novo número 5, co seguinte texto.

«5. O notario facilitará gratuitamente ao debedor unha copia simple do instrumento notarial en que se eleve unilateralmente a público o acordo de moratoria legal conforme a presente disposición.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificación do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019.*

O Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019, queda modificado con efectos desde a entrada en vigor do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, nos termos seguintes:

Un. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 2, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. Como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19, con carácter excepcional e transitorio para o exercicio 2020, recoñécese aos artistas en espectáculos públicos o acceso extraordinario ás prestacións económicas por desemprego, nos termos previstos no presente artigo.

O nacemento do dereito á prestación terá efectos desde o día seguinte ao da data de presentación da solicitude.

Deberanse cumprir os requisitos establecidos no artigo 266 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, coas especialidades que se dispoñen a continuación.

Non será exixible encontrarse en situación de alta ou asimilada á alta.

Así mesmo, tampouco será exixible estar incluído no réxime xeral da Seguridade Social nos termos previstos no artigo 249 ter do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, nin no momento de solicitar a prestación nin durante a súa percepción.

A prestación será incompatible con calquera percepción derivada de actividades por conta propia ou por conta allea, ou con calquera outra prestación, renda mínima, renda de inclusión, salario social ou axudas análogas concedidas por calquera Administración pública.

2. A aqueles traballadores que, de conformidade co número 3 deste artigo, acrediten os días de alta pertinentes na Seguridade Social con prestación real de servizos na actividade prevista no número anterior recoñeceráselles no exercicio 2020, e para efectos do disposto no artigo 266 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, estar en situación legal de desemprego, así como ter cuberto o

período mínimo de cotización, sempre que non estean percibindo ou optasen pola prestación contributiva por desemprego ordinaria prevista no artigo 262 e seguintes do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

3. A duración da prestación por desemprego prevista nesta disposición estará en función dos días de alta na Seguridade Social con prestación real de servizos na dita actividade no ano anterior á situación legal de desemprego, consonte a seguinte escala:

Días de actividade	Período de prestación (en días)
Desde 20 até 54.	120
Desde 55 en adiante.	180

Para estes efectos, a data da situación legal de desemprego será a do 14 de marzo de 2020, data de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma.»

Dous. Engádesse un número 5 ao artigo 2, coa seguinte redacción:

«5. O dereito ao acceso a esta prestación extraordinaria recoñecerase por unha única vez.

Non obstante, unha vez recoñecido o dereito á percepción da prestación por desemprego suspenderase mentres o titular do dereito realice un traballo por conta propia ou por conta allea. A suspensión do dito dereito suporá a interrupción do aboamento da prestación, que continuará unha vez finalizado o traballo, polo tempo que reste do período de percepción que corresponda.»

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego.*

Un. Modifícase o parágrafo segundo do número 3 do artigo 1, que queda redactado como segue:

«Sen prexuízo do anterior, a renuncia por parte destas empresas e entidades aos expedientes de regulación temporal de emprego ou, se for o caso, a suspensión ou regularización do pagamento das prestacións que deriven da súa modificación, efectuarase logo de comunicación destas ao Servizo Público de emprego Estatal ou, se for o caso, ao Instituto Social da Mariña, das variacións nos datos contidos na solicitude colectiva inicial de acceso á protección por desemprego.»

Dous. Modifícase o primeiro parágrafo do número 4 do artigo 4, que queda redactado como segue:

«Para os efectos do control destas exoneracións de cotas, será suficiente a verificación de que o Servizo Público de Emprego Estatal ou, se for o caso, o Instituto Social da Mariña, recoñeza a correspondente prestación por desemprego polo período de que se trate.»

Tres. Modifícase o número 5 do artigo 4, que queda redactado como segue:

«5. As exencións na cotización a que se refire este artigo non terán efectos para as persoas traballadoras e manterase a consideración do período en que se apliquen como efectivamente cotizado para todos os efectos, sen que resulte de aplicación o establecido no número 1 do artigo 20 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Salvagarda do rango de certas disposicións regulamentarias.*

Mantense o rango regulamentario da disposición adicional primeira do Real decreto 877/2015, do 2 de outubro, modificada pola disposición derradeira cuarta deste real decreto lei.

Disposición derradeira décimo quinta. *Títulos competenciais.*

Esta disposición dítase, con carácter xeral, ao abeiro do artigo 149.1.13.^a CE, en canto atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Os artigos 1 e 9 e as disposicións transitorias terceira e cuarta ampáranse, ademais, no artigo 149.1, regras 7.^a e 17.^a, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, e sobre lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

Os artigos 4, 5, 10, 11 e 12, as disposicións adicionais primeira e terceira e a disposición transitoria segunda ampáranse, ademais, no artigo 149.1.14.^a CE, en canto atribúe ao Estado a competencia sobre facenda xeral e débeda do Estado.

Os artigos 6, 7 e 8 e a disposición transitoria primeira dítanse, ademais, de acordo coas competencias que as regras 6.^a, 8.^a e 11.^a atribúen ao Estado sobre lexislación mercantil, lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan, e bases da ordenación do crédito, banca e seguros e, en todo caso, as regras relativas á ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, e as bases das obrigacións contractuais.

O artigo 2 ampárase no disposto no artigo 149.1.15.^a CE, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

O artigo 3 dítase de conformidade co artigo 149.1.21.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de telecomunicacións.

A disposición adicional segunda ampárase na regra 2.^a do artigo 149.1 da Constitución española, pola que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo.

Disposición derradeira décimo sexta. *Habilitación normativa.*

Autorízanse o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, a vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, o ministro de Xustiza, a ministra de Facenda, a ministra de Traballo e Economía Social, o ministro de Cultura e Deporte, o ministro de Ciencia e Innovación, o ministro de Consumo e o ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para ditaren as normas que resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto lei, en relación coas súas respectivas materias.

Disposición derradeira décimo sétima. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de maio de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN